

Escolma acta do Plenario xoves 5-5-16

1- Enmenda e aprobación actas

- Apróbase o borrador da acta do plenario do día sete de abril.
- Sobre a acta do Asemblea do 20-4-16, fanse algunhas enmendas no momento, como outras son extensas prégase que se fagan por correo, e que a acta con esas enmendas sexa ratificado no vindeiro Plenario.

2- Benvida e presentación de novos integrantes

- Preséntanse tres novos membros

3- Espazo para os Grupos de Traballo

a) Comunicación

- Creouse un espazo na web para os Grupos de Traballo
- Vaise habilitar un espazo de expresión para a cidadanía chamado “Faladoiro”
- Comunícase que temos a disposición dos cidadáns unha nova páxina web: “mareadevigoconcello.gal” na que se reflicte o traballo do grupo municipal.

b) Rúa e apertura

- Fíxéronse actos en Matamá e en Navia.
- Tense previsto facer novos actos en Teis, Bouzas e Casco Vello.

c) Institucional

- Pénsase en presentar unha moción sobre o parque de vivenda social regulado.
- A base das mocións son as medidas recollidas no programa electoral da Marea de Vigo.

d) Feminismo

- Preséntase o texto [“Feminizando os espazos comúns”](#).

e) Grupo temporal Intermareal

- Acórdase cambiar o nome deste grupo, que antes se chamaba “Folla de Ruta” por o de “Grupo Intermareal”, máis acaído. Tamén se acórda que pase a ser un grupo permanente.
- Comunicase que na xuntanza do 30 de abril con outras “mareas” da provincia acordouse realizar un comunicado conxunto das distintas plataformas en apoio de SOS Sanidade Pública e da manifestación do vindeiro doce de maio. Alí tamén se propuxo presentar unha moción no Concello co texto de SOS Sanidade Pública. A idea é presentar a mesma moción en todos os concellos.

f) Grupo temporal de Asemblea

- Comunicase que todas as integrantes do Plenario poden participar na elaboración das metodoloxías básicas de Plenario e Asemblea.

4- Avaliación asemblea xeral 20-4

- En xeral fíxose unha valoración positiva, especialmente polo nivel de participación.
- Suxírense varias melloras organizativas (votacións, equipo de asemblea, espazo,...)
- Valorouse moi positivamente o “espazo de encontro coas concelleiras”.

5 - Mesa coordinadora En Marea

- Aceptouse a proposta de que a Marea de Vigo tivese presenza na Mesa Coordinadora de En Marea (aínda que só con voz, sen voto).
- Decídese enviar dúas representantes a Mesa.

6 - Próximas eleccións

- Propoñeráse a Mesa Coordinadora de En Marea, que haxa dez suplentes na lista electoral.
- Comezamos a organizar varios aspectos da campaña

7 - Varios

Falta tempo así que decídese:

- Adiar o punto de Finanzas para o seguinte plenario.
- Facer a exposición e aprobación do texto da Área Sanitaria por correo